




Área / Unidade EDIFICACION GD0000 MGI	Documento 11118100EN	
Código de verificación  5169 4W4G 066T 0V18 139U	Expediente 111/2022/163	
	Fecha 03-06-2024	

## ACTA DE REPLANTEO

**PROXECTO:** “Proyecto de ejecución Sustitución del césped en el campo de fútbol nº1 de la C.D. La Torre”

Mediante resolución do 3º tenente de alcaldesa e concelleiro responsable da Área de Fomento e Coordinación da Cidade de data 11/11/2023 aprobouse o “Proyecto de ejecución Sustitución del césped en el campo de fútbol nº1 de la C.D. La Torre”, redactado pola enxeñeira Claudia Anastasia Landeira Calviño con data de firma electrónica de 15/06/2023.

Segundo o disposto nos artigos 233 e 236 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, en relación coa comprobación de la realidade xeométrica do proxecto e a dispoñibilidade dos terreos precisos para a execución das obras, informo:

O proxecto que se pretende executar ten por obxecto a substitución do céspede no campo de fútbol nº1 da C.D. La Torre, sita na Rúa Dr. Vázquez Iglesias, 2n 15002 A Coruña, sobre a parcela con referencia catastral 8739001NJ4083N0001QG.

Á vista da documentación do proxecto entendo que a execución das obras é físicamente viable.

No que respecta á viabilidade xurídica, consta neste servizo informe do Departamento de Patrimonio Urbanístico de data 27/06/2023, segundo o cal a parcela na que se sitúan as fincas das instalacións da C.D. La Torre figura incorporada ao mencionado Inventario, ao tomo 1. A parcela está formada pola agrupación de sete fincas, adquiridas por título de compravenda, e incorporadas ao inventario nas fichas baixo os nº de orde correlativos que van desde 000000013 ao 000000019, como parcela municipal de dominio público con destino a equipamento deportivo. Engade que atendendo ás determinacións cartográficas con reflexo na folla 06 do vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal de 2013, o mencionado lugar está cualificado como parque deportivo público.

A Coruña, na data da sinatura electrónica do presente documento

O Arquitecto, Xefe do Servizo de Edificación

Jorge Cao Abad